

## **Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal**

**Ficha documental da epistola de Ramón Otero Pedrayo, a Lois Tobío Fernández do 11/02/1961**

**Colección:**

**Data:** 11/02/1961

**De:**

Ramón Otero Pedrayo;

**Para:**

Lois Tobío Fernández;

**Orixe:**

Paz, 25 (de enderezo), Ourense (municipal), Ourense (comarcal)

**Destino:**

José Benito Lamas, 2941 (de enderezo), Montevideo (local), Montevideo (departamental)

**Ficha descriptiva:**

[Carta manuscrita, con sinatura autógrafa e sen membrete].

**Mencionados:**

Xesús Carro; Manuel Chamoso Lamas; Xesús Ferro Couselo; Xosé Filgueira Valverde; Aquilino Iglesia Alvariño; Florentino López Alonso-Cuevillas; Xaquín Lorenzo Fernández; Manuel Puente; Vicente Risco;

**Notas legais:**

Este documento pertence ao Fondo documental e fotográfico Lois Tobío, conservado no Consello da Cultura Galega por doazón de Constanza Tobío.



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

---

## **Transcrición da epistola de Ramón Otero Pedrayo, a Lois Tobío Fernández do 11/02/1961**

Ourense 11 febreiro 61

Sr. D. Lois Tobío - Montevideo

Querido e lembrado amigo: Estou moi ledo ca nova orgaización da que xa foi chamada a "Grande e Xeneral Estoria". Débolle falar con absoluta sinceridade. O empeño precisaría unha verdadeira orgaización e unha forte base económica. Os colabouradores propostos ou os mais desconfían. A vida é dura e os traballos de investigación lentos. Custan moitos as tempadas nos arquivos e as fotocopias. Sin falar por hoxe do orixinal en poder de Vde. vólle mañifestar o estado do traballo: A) feita, con ben poucos engadidos e notas por Xaquín Lourenzo, a Prehistoria, por o inesquescente Cuevillas: b) feito un volumen enteiro de historia das Pelerinaxes dende as orixes deica hoxe por S. Xesús Carro: Vde sabe seu caraiter; quixo traballar soio; c) de Idade Meia por Ferro e por mil listas de fontes no Arquivo Histórico Nacional cuias papeletas eu gardo; d) de Idade Moderna tamen moita nota de fontes. Pro hai de esculcalo todo ben deitamente ben pagando fotocopias. Hai tamén moitas fontes de outros arquivo de época celto-román di Bouza ter traballado moito; quedamos en que a outra Idade Meia a fixera Ferro e a baixa Ferro ou Filgueira facendo dende logo Filgueira a Poesia medieval. No sei si cumprira. Chamoso Lamas fará non o dubide a historia do Arte. Eu quedeime co XVIII e XIX, fora [?] da cultura, e traballo moito. Coido que en dous anos podó ter rematados os dous volumes. ¿E o demais? ¿Que se mete co XVI e XVII? Compre unha nova orgaización e moito diñeiro. Por o pronto será gran cousa que saia a Etnografía. O Risco está vello e doente. Coido que sere orixinal está cheo de cravos.. Sidos os dous, ou o Tomo [?], xeografía, xeoloxía, bioloxía, etnografía –hai de pensar no demais a base de non seguire un orde cronolóxico esaito.. Enfin, agardo a sua opinión e sigo traballando no meu. Ben sei que D. Manuel gastou en [¿?] moito diñeiro. Debeu ser ouxeto de algun engano nas imprentas. Pídlle a sua opinión. Francamente sin cartos os mais dos colabouradores non traballan entendendo honorarios de investigación e de obras feitas. Falarei con Aquilino sobre o tratado de historia da lingua que pode saír en calquer tempo. Escíbame. Saudos na casa. Sempre o vello amigo

R. Otero Pedrayo [sinatura autógrafa]

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.